

	IES MARÍA CASARES. Departamento de EDUCACIÓN FÍSICA		<b>2º ESO</b>  2023-2024
	MATERIA	EDUCACIÓN FÍSICA	
	PROFESOR/A	Mónica Cagiao Seijo	

UNIDADES DIDÁCTICAS.	
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	<b>Sempre quentamos.</b> Contido a traballar ao longo de todo o curso avanzando na autonomía do alumnado.
	<b>Coido o meu corpo, ¿Cánto me movo?</b> Cualidades físicas básicas: resistencia, forza e flexibilidade especialmente. Continúase con esta U.D na segunda avaliación para afondar nos contidos.
	<b>Saltamos para mover o noso corazón.</b> Complementa e completa os contidos da U.D. anterior.
	<b>Balónmán.</b> Iníciase ao alumnado nun deporte colectivo adaptándoo ao seu nivel de competencia.
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	<b>Convertímonos en atletas.</b> Trátanse distintas modalidades do atletismo: carreiras, saltos e lanzamentos.
	<b>Baloncesto.</b> Deporte de equipo no que se combina a mellora individual co traballo de táctica colectiva.
	<b>Expresome e bailo: A zumba</b>
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	<b>Bádminton.</b> Deporte de adversario no que se traballará técnica e táctica individual.
	<b>Probamos un deporte:</b> Traballo a través da presentación de varios deportes alternativos.
	<b>Ampliamos PAS:</b> Coñecemento das pautas básicas de primeiros auxilios. PAS, 112, SVB.
<b>OBSERVACIÓNS</b>  A programación vai a depender do tempo atmosférico e das instalacións que podamos utilizar, en función da ratio de cada clase.	

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NO CURSO ORDINARIO

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
<b>Nas táboas de indicadores que se utilizarán para a avaliación das distintas unidades didácticas valoraranse os contidos do seguinte modo:</b>	
Contidos relacionados co traballo diario en clase	60%
Probas teórico-prácticas.	40%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>

**OBSERVACIÓNS:** Para aprobar as avaliacións é necesario obter un 5 na media aritmética dos apartados.

**A nota final do curso será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais.**

Cando o alumnado non se presente a un exame debido a causa xustificada, como norma xeral, realizará o exame o primeiro día que se incorpore á clase desta materia. Tamén poderá colgar o exame práctico en Edixgal, sempre que o profesorado o indique

As unidades didácticas non superadas terán o seu período de recuperación ao longo do curso. O profesor, despois de coordinalo cos alumnos correspondentes, realizará as probas cando o considere oportuno para a mellor consecución posible dos obxectivos propostos.

#### **METODOLOXÍA PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

Durante o curso realizaranse tamén **actividades lectivas fora do centro**, que serán incluídas e avaliadas xuntamente ao seu bloque de contidos.

**Para o desenvolvemento dalgúns contidos da materia utilizaremos os arredores do Instituto así como praia de Bastiagueiro e instalacións do INEF.**